



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA E OITO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL CATORCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e cinco de marzo de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Margarita Caldas Moreira, Silvia Díaz Iglesias, Jose A. Lodeiro Cancela, Gregorio L. Agís Gómez, Consuelo Besada Lores, Angel Moldes Martínez, M^a Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, M^a del Mar Villaverde Rosales, Alberto Villaverde Méndez, Manuel Domínguez Álvarez. Escusa a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez e o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

Antes de comezar a sesión plenaria o Sr. Alcalde toma a palabra manifestando as mostras de condolencia polo falecemento do ex.presidente do Goberno D. Adolfo Suárez solicitando da corporación a realización dun minuto de silencio así como en transmitir as condolencias á familia do falecido, Congreso dos Deputados e Presidente do Goberno.

3925.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 25 DE FEBREIRO DE 2014, NÚM. 497.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación da acta da sesión anterior realizada o 25 de febreiro de 2014 e non solicitándose rectificación ningunha á mesma esta queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Neste momento entra no Salón de Sesións a Concelleira D^a. Alicia Martínez González.

3926- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos acordos precedentes e que son os que seguen: "3908.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, DE APOIO ÁS PERSOAS AFECTADAS POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E SUBORDINADAS.- Uniuse certificación do

acordo ao expediente e notificouse á entidade NovagaliciaBanco e ás plataformas de afectados de Pontevedra, Salnés e Baixo Miño; 3912.- INTERVENCIÓN, LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ORDINARIO EXERCICIO 2013.- Unise certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3913.- DAR CONTA OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE.- Unise certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3914.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 4/2014, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS.- Unise certificación do acordo ao expediente, enviouse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3915.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 6/2014, MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Unise certificación do acordo ao expediente, enviouse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3916.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 7/2014, MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS.- Unise certificación do acordo ao expediente, enviouse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3917.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 2/2014.- Unise certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao departamento de intervención; 3918.- PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA OS EFECTOS DE DAR CUMPRIMENTO AO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO.- Unise certificación do acordo ao expediente, enviouse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3919.- TURISMO, PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA POIO PARA ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA 2015.- Unise certificación do acordo ao expediente e notificouse ao Club Mariño A Reiboia; 3920.- MOCIÓN DO PSOE, SOBRE A MODIFICACIÓN DO MAPA SANITARIO GALEGO E O CAMBIO DA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Unise certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Sanidade; 3921.- MOCION DO BNG DO 8 DE MARZO, POLA DERROGACIÓN DAS LEIS CONTRA AS MULLERES.- Unise certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia, Presidencia de España e ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade; 3922.- URBANISMO, exp. 42/14.- PROPOSTA DE DELIMITACIÓN DOS ESPAZOS PORTUARIOS DO PORTO DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA, DA AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA.- Unise certificación do acordo ao expediente e deuse traslado á Autoridade Portuaria de Marín; 3923.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á FROTA DE CERCO E ARTES MENORES.- Unise certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia de España, da Xunta de Galicia, aos Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego e do Congreso dos Deputados e aos deputados e deputadas galegas con representación en Europa 3923.- MOCIÓN BNG DE APOIO Á CREAMENTO DUNHA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA DE VIÑOS DA TERRA.- Unise certificación do acordo ao expediente e notificouse á Consellería do Medio Rural e do Mar.”.

A Corporación dáse por enterada.

3927.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos membros corporativos xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A corporación dáse por enterada.

3928.- DAR CONTA DA REMISIÓN, AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS, DE INFORMACIÓN SOBRE OS MARCOS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO (PERÍODO 2015-2017).- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Intervención o que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 17 de marzo de 2014 procedendo a súa lectura e que di o que segue: "Dáse conta do expediente relativo á remisión da información sobre os Marcos Orzamentarios a medio prazo (período 2015-2017) solicitada a todos os Concellos polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en virtude do disposto no artigo 6º da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, a cal remitiuse o día 11 de marzo de 2014 a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual de Entidades Locais, tal como consta na documentación que se xunta.

A Comisión dáse por enterada."

A corporación dáse por enterada da realización do trámite.

3929.- DAR CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA, DE DATA 26-02-2014, DE AUTORIZACIÓN DO GASTO DE DÚAS FACTURAS CON VODAFONE.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Intervención o que foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 17 de marzo de 2014 procedendo a súa lectura e que di o que segue: " Dáse conta do Decreto da Alcaldía e data 26 de febreiro de 2014 sobre pago dunha débeda coa empresa Vodafone España, S.A.U. por un importe total de 42,54 € instando a facer o pago da mesma antes do día 6 de marzo de 2014 xa que no caso contrario presentaría demanda xudicial por reclamación de cantidade, e despois de solicitar as facturas reclamadas resultou ser que a débeda corresponden ao ano 2008 e dado que correspondería para poder pagalas antes do día 6 de marzo, recoñecer as mesmas a través da aprobación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de facturas polo Pleno da Corporación, e debido a que o custo das asistencias dos membros da corporación a un pleno extraordinario superaría notablemente o importe da débeda por importe de 42,54 € é polo que se dispón: 1º.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local en favor do Alcalde debido á urxencia na realización do citado pago. 2º.- Autorizar e dispoñer o gasto, así como recoñecer as obrigas e ordear o pago dos conceptos que se dispoñen a continuación:

Terceiro	Concepto	Partida	Importe €
VODAFONE	Fra. CI0293103412 de data 05/09/2008.- Gasto teléfono 637830871 (29€-11,60€=17,40€)	920,22	17,40

VODAFONE	• Fra. CI0298831823 de data 05/10/2008.- Gasto teléfono 637830871	920,22	25,14
----------	---	--------	-------

3º.- Que se de conta deste Decreto á próxima sesión do Pleno da Corporación.

A Comisión dáse por enterada. ”.

A Corporación por unanimidade acordou ratificar o contido do Decreto da Alcaldía.

3930.- SOLICITUDE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (I.C.I.O.) PRESENTADA POR ROSA MARIA COUSELO BUCETA, EXPTE. N° 283/12.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Intervención o que foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 17 de marzo de 2014 procedendo a súa lectura e que di o que segue: “Dáse conta o expediente tramitado a instancia de D^a Rosa María Couselo Buceta, expte. núm. 283/12 mediante instancia presentada no Rexistro Xeral do Concello de Poio o día 12 de setembro de 2012, solicitando a exención do 95% da cota do ICIO segundo o establecido no artigo 4.5 d) da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e que se lle devolva o que corresponda por obras de rehabilitación dúas vivendas unifamiliares en Rúa Cega núm. 4 e Praza da Fonte núm 3 do lugar de Combarro.

Consta no expediente informe favorable da interventora municipal de data 13 de febreiro de 2013.

A Comisión por unanimidade, de conformidade có sinalado no indicado precepto, acordou ditaminar favorablemente a declaración de especial interese as obras correspondentes a dito expediente tramitado polo departamento de urbanismo núm. 283/12, por concorrer nas mesmas circunstancias histórico-artísticas, ao estar incluídas dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro e a aprobación da bonificación do 95% na cota do ICIO devengada.”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Declarar de Especial Interese as obras do expediente 283/2012 por concorrer as circunstancias histórico artísticas ao estar incluídas as obras dentro do ámbito de aplicación do Plan Especial de Protección do Casco Histórico de Combarro.

Segundo: Aprobar a bonificación do 95% na cota do ICIO devengada no expediente de urbanismo número 283/2012.

Terceiro: Notificar o presente acordo á solicitante comunicándolle que contra o presente acordo, poderá interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, a contar desde a notificación, ao que se refire o artigo 108 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do réxime local, tal e coma preceptúa o artigo 14.2º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de

marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de acordo coas condicións previstas no mencionado artigo.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa; dito recurso deberá resolverse no prazo de 1 mes desde a formulación do recurso de reposición e pasado este mes enténdese desestimado.

Así mesmo, advírtese que tamén poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así coma exercer as accións que proceda ante a xurisdición competente.

3931.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE RELATIVA A INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A INSTAURAR UN SEGURO DO MAL TEMPO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e que foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 17 de marzo de 2014 procedendo a súa lectura e que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, de febreiro de 2014 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 12 de febreiro de 2014 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos: 1.- Instar á Xunta de Galicia a negociar cunha compañía de seguros a posta en marcha dunha póliza que dea cobertura aos episodios de amarre por causas de mal tempo. 2º.- Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha unha liña de axudas directas aos armadores para o financiamento do custe das primas do seguro. 3º.- Dirixirse ao Presidente da Xunta dando conta deste acordo.

A Comisión dáse por enterada e acorda que pase ao Pleno. "

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal Socialista a Sra. Besada Lores explicando que en Galicia sempre houbo temporais e mal tempo, as consecuencias sófrenas case sempre os traballadores do mar. Antigamente os armadores tiñan axudas pero estas foron retiradas. Nos pedimos este seguro e que non dea lugar a malos entendidos porque hai seguros que non se prolongan no tempo nin cobren as medicións dos 100 km/hora. Nos pedimos a instauración de bonificacións para estes seguros. Son peticións feitas polos propios armadores nas reunións que se mantiveron e que nos traemos a este pleno.

A Voceira do BNG a Sra. Diaz Iglesias di que o seu grupo apoia a moción do PSOE, nos cremos que se trata dun sector que se ve prexudicado severamente polo mal tempo impedindo que poidan desenvolver as súas actividades e sacar rendemento, por iso nos tamén consideramos que se debe de facer este seguro.

O Voceiro do Grupo Municipal do PP explica que o goberno do bipartido instaurou este seguro, nos non estamos en contra pero os seguros fan medición polo mínimo (aquí tivemos casos que o seguro non se fixo cargo, como por exemplo o Concerto de Marta Sánchez en Combarro). Nos consideramos que se deben de buscar outras fórmulas como por exemplo a baixada das cotizacións...

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle ao Sr. Moldes que coa rebaixa das cotizacións non se favorece aos traballadores do mar parece máis unha penalización; despois de moitos anos instaurouse un seguro, ao mellor o sector non respondeu masivamente, pero aquí a maioría de traballadores como pode ser no sector da agricultura non teñen seguro, ao mellor por descoñecemento. Por iso cremos que a administración ten que facer un esforzo.

A continuación toma a palabra a Secretaria Xeral presente na sesión por ser a primeira da relación que mocións incluídas na orde do día, reiterando o contido dos informes emitidos en relación coa presentación e deliberación das mocións no que se incidía na necesidade de que estivesen vinculados ao ámbito de competencia municipal, canto máis dito ámbito ten sido obxecto de nova refeminición coa recente Lei de racionalización e sostenibilidade local, sen que se de cobertura á pesca ou o marisqueo.

A continuación toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que no Pleno do Concello sempre se trataron mocións, neste caso está relacionado directamente cun sector importante en Poio, como poder ser a pesca. Nos non estamos para nada de acordo coa lei xa que menoscaba a autonomía local.

A Sra. Besada Lores di que as mocións son en favor dos dereitos dos cidadáns en xeral, poden afectar en maior ou menor medida á veciñanza de Poio. Estamos en contra das leis do PP e nun país democrático e traemos as mocións para debatilas e buscar un consenso.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación o texto da moción presentada polo Grupo Municipal Socialista relativa a instar á Xunta a instaurar un seguro do mal tempo a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar á Xunta de Galicia a negociar cunha compañía de seguros a posta en marcha dunha póliza que dea cobertura aos episodios de amarre por causas de mal tempo.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha unha liña de axudas directas aos armadores para o financiamento do custe das primas do seguro.

Terceiro.- Dirixirse ao Presidente da Xunta dando conta deste acordo.

3932.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO A PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO EN GALICIA.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e que foi ditaminado pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 17 de marzo de 2014 procedendo a súa lectura que di o que segue: "Dáse conta da moción presentada polo

BNG, de data 11 de marzo de 2014 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 12 de marzo de 2014 e que tras unha ampla exposición de motivos solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo: "Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza. Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular."

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido da moción indicando que se trata de apoiar a iniciativa da CIG cunha serie de medidas para remontar esta crise e creemos que son importantes para reactivar o emprego en Galicia. O que se pretende é dar apoio a esta iniciativa.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación "

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do BNG a Sra. Diaz Iglesias explicando que se trata dunha solicitude da Confederación Intersindical Galega de apoio á iniciativa lexislativa feita pola cidadanía para a creación de emprego e que o BNG asume como propia, manifestándonos a favor, neste momento dita iniciativa foi admitida a trámite no Parlamento Galego.

A Sra. Besada Lores manifesta que o Grupo Municipal Socialista está totalmente a favor polo que se van a sumar a esta iniciativa.

Unha vez rematada a quenda de intervencións, sométese á votación ordinaria o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa lexislativa popular a Confederación Intersindical Galega.

Segundo: Dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Terceiro: Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

3933.- MODIFICACIÓN ANEXO SUBVENCIONS NOMINATIVAS DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado polo Servizo de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 17 de marzo de 2014 procedendo a súa lectura e que di o que segue: "Dáse conta do expediente, da Proposta da Concelleira Delegada de Deportes e Festexos do Concello de Poio de data 10 de marzo

de 2014, do Informe da Intervención Municipal de data 12 de marzo de 2014 e da Proposta da Alcaldía de data 12 de marzo de 2012 que, di o seguinte: " Luciano Sobral Fernández, Alcalde do Concello de Poio, coñecido o contido da proposta da concelleira delegada de Deportes e Festexos, Margarita Caldas Moreira de data 10 de marzo, relativa á modificación do anexo de subvencións nominativas.

Coñecido o contido do informe de Intervención de data 12 de marzo, **PROPÓN:**

Modificar o anexo de subvencións nominativas aprobado, xunto co Orzamento do exercicio 2013, prorrogado no día da data, con fin de:

Primeiro: eliminar a subvención nominativa prevista para o Club mariño A Reiboa por importe de 500€

Segundo: engadir as seguintes subvencion nominativas:

Xián Silva Pazos: subvención gastos deportivos modalidade Taekwondo: 250 €.

Sergio Vallejo Esperón: subvención gastos deportivos modalidade Piragüismo: 250 €

Terceiro: modificar o importe das seguintes subvencións nominativas previstas:

<u>Beneficiario</u>	<u>Importe Inicial</u>	<u>Importe Proposto</u>
Poio Fútbol Sala	5.000€	12.000€
Club Kayak-polo Combarro	100€	600€
Club Saraiba	800€	1.050€
Club Escola Piragüismo Poio	700€	950€

Cuarto: Proceder cos trámites de publicidade previstos para a aprobación do Orzamento nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."

A Sra. Caldas Moreira explica o contido do expediente indicando que se propón incrementar o importe nas subvencións previstas para o Poio Fútbol Sala, Clube Kayak-polo Combarro, Club Saraiba e o Club Escola de Piragüismo Poio en base as necesidades deportivas. Hai dous anos que se lles incrementou a subvención a outros clubes.

O Sr. Moldes Martínez di que no anexo atopamos a por exemplo Escola Infantil de Albar e a do Pereiro que teñen 150 euros e xa non existen.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que esas dependen da Concellería de Educación e ao largo do ano as modificaremos.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación. "

Toma a palabra a Concelleira Delegada de Deportes, a Sra. Caldas Moreira explicando o contido da proposta así como que responde aos acordos que se adoptaron no Consello Municipal de Deportes e que é permitido pola capacidade orzamentaria.

Unha vez rematada a quenda de intervencións, sométese á votación ordinaria o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado polo voto a favor da unanimidade dos membros presentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a modificación do anexo de subvencións nominativas aprobado, xunto co Orzamento do exercicio 2013, prorrogado no día da data, con fin de:

Segundo: Aprobar a eliminación da subvención nominativa prevista para o Club mariño A Reiboa por importe de 500€

Terceiro: Engadir as seguintes subvencións nominativas: **Xián Silva Pazos:** subvención gastos deportivos modalidade Taekwondo: 250 € e **Sergio Vallejo Esperón:** subvención gastos deportivos modalidade Piragüismo: 250 €

Cuarto: Aprobar a modificación do importe das seguintes subvencións nominativas previstas:

<u>Beneficiario</u>	<u>Importe Inicial</u>	<u>Importe Proposto</u>
Poio Fútbol Sala	5.000€	12.000€
Club Kayak-polo Combarro	100€	600€
Club Saraiba	800€	1.050€
Club Escola Piragüismo Poio	700€	950€

Quinto: Proceder cos trámites de publicidade previstos para a aprobación do Orzamento nos artigos 168 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."

3934.- INICIO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN PARCELA SOBRANTE DE VÍA PÚBLICA EN SAN MARTIÑO.- Toma a palabra a Secretaria presente na sesión explicando aos membros presentes que existe un erro no título do punto a tratar xa que unicamente se trata de aprobar a valoración realizada e a posterior inclusión no inventario de bens dun camiño en San Martiño ao que polo PXOM se lle cambiou o trazado e que en aplicación do disposto no artigo 8.4 do Regulamento de Bens de Entidades Locais a alteración prodúcese automaticamente coa aprobación definitiva dos plans de ordenación urbana.

A continuación, procede a dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 17 de marzo de 2014 que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta do expediente e do informe do enxeñeiro municipal de 12 de marzo de 2014 dando valoración de dito terreo en 18.125,86 € e que non ten ningún tipo de utilidade para o Concello. A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a inclusión de dita parcela sobrante no inventario municipal."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por dezaseis votos a favor dos membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola comisión informativa de facenda adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a valoración do terreo sito en San Martiño pola cantidade de 18.125,86 € segundo o informe emitido polo Enxeñeiro Municipal de data 12 de marzo de 2014 que consta no expediente así como

aprobar a inclusión do mesmo no Inventario de Bens Municipais, como Ben Patrimonial de propios.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo do Concello e ao Servizo de Patrimonio.

3935.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO ÁS PERSOAS CON SANCIONES DA POLICÍA LOCAL E DA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta da moción presentada e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas emitido na sesión realizada o 17 de marzo de 2014 e que di o que segue: "Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do contido de dita moción de data 17 de marzo de 2014 e que tras unha exposición de motivos propoñen a aprobación dos seguintes acordos: " - Solicitar ó PSOE e BNG que apliquen cos veciños de Poio, a mesma actitude que mantiveron cos veciños sancionados dutros concellos. - Que o PSOE e BNG insten á subdelegado do goberno a retirar ou archivar as sancións administrativas impostas a instancias da Policía Local ós veciños de Poio."

O Sr. Moldes Martínez di que non entendemos que despois das mostras da suposta solidariedade do PSOE e do BNG solicitando a retirada de sancións para veciños de fora deste concello non se entende que non se actuase da mesma maneira cos veciños de Poio que nestes momentos hai varias persoas sancionadas pola subdelegación do goberno á instancia da Policía Local, e que se archiven ditas sancións administrativas.

O Sr. Barreiro Lubián di que o seu grupo municipal vaise abster. Non estamos de acordo coas sancións impostas pola subdelegación do goberno.

A Comisión por 3 votos a favor do PP, ningún voto en contra e 4 abstencións do BNG acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal do PP explicando que no pleno anterior do mes de febreiro, o BNG presentou unha moción, que foi apoiada polo Grupo Socialista, na que se instaba á Subdelegación do Goberno á retirada das sancións de forma indiscriminada aos afectados polas preferentes e subordinadas, ata por infraccións do código de circulación,

a pesar de que eran de concellos bastantes lonxanos como os do Baixo Miño e nos o que pedimos é que os veciños de Poio teñan o mesmo tratamento e se lle retiren sancións que teñen coa subdelegación por denuncias feitas pola Policía Local. O BNG pretende provocar os ánimos facendo manipulación das persoas. Nos o que manifestamos no Pleno anterior foi que non coñecíamos os casos, e que habería que coñecer cada un para poder solicitar a súa retirada

O Sr. Martínez Blanco contéstalle ao voceiro do grupo municipal do PP que defenderán os intereses de todos sexan do Baixo Miño como doutras localidades, que as declaracións manifestadas non son comparables e que resultan demagóxicas, tanto as expresadas aquí como as transmitidas nos medios de comunicación nos o que pedimos no Pleno anterior foi a retirada das sancións realizadas por exercer o dereito á manifestación que o PP

intenta limitar, con sancións a persoas e situacións que parecen surrealistas.

Nos temos ao redor de 1300 sancións de tráfico ao ano, que mais ou menos supón unha media de 3 por día, pero se temos en conta o aumento da poboación en verán esta proporción baixa. Nos pensamos que o PP con esta moción trata de confundir á xente, xa que mentres que nos pedimos a retirada das sancións interpostas por exercer un dereito vos pedides que se retiren as sancións pola vulneración das leis, son cousas distintas.

A continuación, o Sr. Alcalde dálle a palabra á voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores manifestando que cando o voceiro popular declarou que ía presentar esta moción pensaba que estaba de broma, non é seria, e moito menos asinada por un concelleiro que se presentará á alcaldía nas vindeiras eleccións.

Os casos que se expuxeron polos preferentistas eran surrealistas, e o único que facían era reivindicar os seus dereitos, pero o PP terxiversa as actuacións. A verdade é que non damos crédito a moción presentada.

O Sr. Barreiro Lubián di que á moción é unha gamberrada porque nace do cabreo dun señor.

Nos pedimos a retirada das sancións porque se puxeron pola reivindicación de dereitos, como pode facer calquera, de momento a lei o permite. Eu penso que as reivindicacións son xustas porque aí se produxo un roubo e nos apoiamos aos preferentistas como institución que somos.

A continuación o Sr. Moldes Martínez procede a dar lectura textual aos acordos da moción, manifestando que o BNG intenta confundir as cousas, nos temos coñecemento de compañeiros do PP asistiron ás manifestacións e ningún preferentista foi sancionada polo feito de ter preferentes.

Toma a palabra o Sr. Alcalde reiterando que as sancións aos preferentistas foron por asistir a unha manifestación e pedir polos seus dereitos.

Por exemplo, cando o PP solicitou permiso para a realización dunha manifestación que ía a transcorrer pola Ponte da Barca soamente pediron permiso para o corte dun carril, cando esta transcorreu polos dous, e non se axustou ao que solicitaron, estes non foron sancionados.

Entendemos que se tratan de sancións moi distintas, as que se puxeron nas manifestación comparadas coa das policía local.

O Sr. Moldes Martínez di que os veciños de Poio foron sancionados por defender os intereses dos seus clientes, os que se ven sen posibilidades, xa que a Policía está enriba destas zonas e cóstanos as perdas ademais dos clientes. O Sr. Alcalde di que estas zonas limitadas foron sinaladas a peticións dos propios comerciantes, son zonas de parada de 30 minutos e se se usan de forma correcta non serán sancionados. Por iso non entendemos as vosas peticións.

Rematada a quenda de intervencións, sométese á votación a moción presentada polo Grupo Municipal Popular en apoio ás persoas con sancións da policía local e da Subdelegación do Goberno a que queda rexeitada por

6 votos a favor do PP, 10 votos en contra (8 BNG e 2 PSOE) e ningunha abstención.

3936.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA DAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIIS E ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS EN CONTRA DA REFORMA DO REXISTRO CIVIL.- Dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión realizada o 17 de marzo de 2014 e que di o que segue: " Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes dáse conta do escrito de data 7 de marzo de 2014 na que solicitan apoio á campaña contra a desaparición dos Rexistros Civís esixindo ao Ministerio de Xustiza a retirada do proxecto de privatizar os Rexistros Civís e dar marcha atrás na súa decisión de entregalos aos Rexistradores da Propiedade e Mercantís.

O Sr.Barreiro Lubián di que aínda que parece que o goberno vai dar marcha atrás queremos dar apoio a este escrito da CSIF.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 3 abstencións do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Toma a palabra a voceira do Grupo Municipal do BNG na que se expón que se trata dun escrito presentado de apoio asumida como propia do BNG, segundo a proposta que se une ao expediente. No mes de maio xa aprobamos unha moción conxunta do BNG e PSOE neste mesmo sentido. Nos cremos que a reforma dos Rexistros civís grava aos veciños, xa que se traspasan servizos aos rexistradores e deixan de ser gratuítos. Nos consideramos que os rexistros son máis cercanos aos cidadáns.

A Sra. Besada Lores di que o Grupo Municipal Socialistas apoia o texto e que está totalmente a favor, manifestándose totalmente en contra da reforma da lei xa que estamos nun momento de crise e esta imposición de costes ou impostos fai que os cidadáns a padezan máis, consideramos que non é unha medida acertada.

Sometida a votación o ditame emitido pola Comisión Municipal Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de marzo de 2014 este queda aprobado polo voto a favor da unanimidade dos membros presentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Adherirse á campaña das organizacións sindicais e profesionais en contra da reforma do rexistro civil e en favor do seu mantemento como servizo público de xestión pública.

Segundo: Solicitar do Goberno Estatal que non se produza ningunha modificación respecto á súa situación actual.

3937.- ALCALDÍA, CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE POIO E A UNIVERSIDADE DE CORUÑA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA FINANCIAR GASTOS PROXECTO "DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS TEÓRICOS E DE INVESTIGACIÓN EN EMPRAZAMENTOS DE INTERESE URBANO E HISTÓRICO.- Pola

Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente tramitado iniciado á proposta da Alcaldía de data 21 de febreiro de 2014 e da proposta de convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a concesión de subvención coa finalidade de financiar parcialmente os gastos do proxecto "Desenvolvemento dos traballos teóricos e de investigación en emprazamentos de interese urbano e histórico de Combarro" por parte dos alumnos da Escola técnica Superior de Arquitectura da Coruña polo que o Concello se compromete á achega da cantidade de 11.000 € para o financiamento parcial das actividades obxecto do convenio así como achegar igualmente a información e documentación cartográfica e histórica e asesoramento dos técnicos municipais.

Consta no expediente informe económico emitido pola Intervención Municipal con data 25 de febreiro de 2014 así como ditame emitido pola Comisión Informativa de Seguimento do Plan Especial e do Catálogo de Edificios e Conxuntos do Concello de Poio nas súas sesións realizada o 25 de febreiro e 25 de marzo de 2014.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á proposta de convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para a concesión de subvención coa finalidade de financiar parcialmente os gastos do proxecto "Desenvolvemento dos traballos teóricos e de investigación en emprazamentos de interese urbano e histórico de Combarro" por parte dos alumnos da Escola técnica Superior de Arquitectura.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do devandito convenio.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao Servizo de Intervención do Concello de Poio.

3938.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á PETICIÓN DE INDULTO PARA OS TRABALLADORES CARLOS RIVAS MARTÍNEZ E SERAFÍN RODRÍGUEZ MARTÍNEZ.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais apróbase pola unanimidade de asistentes a inclusión na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha.

A continuación, a Secretaria presente na sesión procede a dar conta da moción do Grupo Municipal do BNG presentada no Rexistro Xeral con data 20 de marzo de 2014, número de rexistro 1327 na que se pode o indulto para os traballadores Carlos Rivas Martínez e Serafín Rodríguez Martínez.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do BNG explicando que coa moción estase a solicitar o indulto de dous sindicalistas aos que se lle impón unha pena de cárcere de tres anos pola súa participación nunha folga do transporte aplicándoselle o contido do artigo 315.3 do Código

Penal, trátase de que o concello apoie a solicitude de indulto a través dunha declaración institucional.

Non producíndose debate ningún, sométese á votación a declaración institucional de apoio á solicitude de indulto para os traballadores Carlos Rivas Martínez e Serafín Rodríguez Martínez esta queda aprobada polo voto favorable da unanimidade dos membros presentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: O Concello de Poio, quere manifestar a súa solidariedade coa situación de Carlos Rivas Martínez e Serafín Rodríguez Martínez, sindicalistas condenados por un delito contra os dereitos dos traballadores e traballadoras e pendentes neste momento do Resultado dunha nova petición de indulto, tras da suspensión de execución da pena imposta, mentres se tramita esta petición de indulto.

Tales cidadáns, pertencentes a organizacións sindicais galegas, formaron parte na folga do ano 2008- durante a negociación do convenio provincial de transportes de mercadorías- das plataformas informativas entón constituídas, sendo denunciados pola realización deste labor. Nas sentenzas recaídas ao efecto por motivos similares e como norma xeral, foron absoltos os traballadores e traballadoras afectados,, mais un Xulgado de Vigo considerou que estas dúas persoas eran culpábeis como autores dun delito contra os dereitos dos traballadores e traballadoras, tipificado no artigo 315.3 do Código Penal e condenadas á pena máxima de tres anos de prisión. As denuncias cursadas non foron presentadas por ningunha persoa traballadora ou empresaria.

Por todo o exposto, o Concello de Poio declárase a favor de que o Consello de Ministros conceda o indulto para Carlos Rivas Martínez e Serafín Rodríguez Martínez.

3939.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2012.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP dáse conta do expediente tramitado pola Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 17 de marzo de 2014 e que di o que segue: "-Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 28 de febreiro de 2014 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3 do exercicio pola existencia dunha factura correspondentes ao anterior exercicio 2013 a cal non foi presentada no Concello ata o mes de febreiro de 2014, aínda que pertence a un servizo prestado no exercicio 2013, ascendendo o importe da factura pendente de recoñecemento a 1.167,65 € e do informe da Intervención Municipal de data 28 de febreiro de 2014.

O Sr. Barreiro Lubián explica o contido do expediente indicando a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia dunha factura correspondentes a gastos efectuados no exercicio 2013 pero que non foi presentada no rexistro contable do Concello ata o mes de febreiro de 2014 e, polo tanto, conformada.

A Comisión por 4 votos a favor do BNG, ningún voto en contra e 1 abstención do PP acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Aprobar o recoñecemento da factura obxecto do presente expediente por importe total de 1.167,65€ e

2º) Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente, os créditos mencionados con cargo ás aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o recoñecemento da factura obxecto do presente expediente por importe total de 1.167,65€.

Segundo: Aplicar con cargo ao orzamento prorrogado do exercicio 2013, vixente, os créditos mencionados con cargo ás aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención do Concello de Poio.

3940.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA LOCAL E PROVINCIAL.- Previa declaración de urxencia por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención, de conformidade co establecido no artigo 83 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, motivado polo remate do prazo de tres meses ao que fai referencia o artigo 75 quater da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do tribunal constitucional pola Secretaria presente na sesión procédese a dar conta da moción presentada polo Grupo Municipal do BNG no Rexistro Xeral do Concello o 19 de marzo de 2014 número de entrada 1305 en relación á aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade local, procedéndose a dar lectura á proposta de acordo que se eleva á consideración do Pleno da Corporación:

Primeiro: Iniciar a tramitación para a formalización do conflito en defensa da autonomía local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013), de acordo co texto que se achega, segundo o sinalado nos artigos 75 bis e seguintes da lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do tribunal constitucional.

Segundo: Para tal efecto, solicitar Ditame do Consello de Estado, conforme ao establecido no artigo 75 ter 3 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do tribunal constitucional, por conduto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a petición da entidade local de maior poboación (art. 48 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local) así como outorgar a esta entidade a delegación necesaria.

Terceiro: Facultar e encomendar ao Sr. Alcalde para a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo e expresamente para o outorgamento de escritura de poder tan amplo e bastante como en dereito se requira a favor da procuradora D^a.

Virginia Aragón Segura, col. Núm. 1040 do Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid para que, en nome e representación do Concello de Poio, de forma solidaria e indistinta, interpoña conflito en defensa da autonomía local contra a Lei 27/2013, do 27 decembro (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013), de racionalización e sustentabilidade da administración local seguíndoo por todos os seus trámites e instancias até obter sentenza firme e a súa execución.

Cuarto: Demandar inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:

a) As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.

b) Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galiza, baseado na articulación a través de concellos e comarcas."

Consta no expediente informe de data 24 de marzo de 2014 emitido pola Secretaria Xeral en cumprimento do artigo 3 b) e c) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galega a Sra. Díaz Iglesias explicando aos membros corporativos que en Plenos anteriores se adoptaron acordos en contra da aprobación da lei reforma local, rexeitando os recortes das competencias municipais así como o reforzamento das deputacións, facenda estas como intermediarias. O que fai o goberno do Partido Popular é reforzar novamente un sistema centralista. E insiste e reitera que a nova lei vai en contra do principio de subsidiariedade e proximidade da xestión administrativa aos cidadáns a través dos concellos como administración pública máis cercana.

A Continuación toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista, a Sra. Besada Lores expoñendo que o seu grupo apoia esta moción presentada ao igual que apoiou as demais que se presentaron neste mesmo órgano na que se rexeitaba a reforma da administración local, xa que se prexudica aos concellos como entidade máis próxima á veciñanza e enche de contido ás deputacións, nos cremos que coa supresión das deputacións se aforraría moito máis e habería unha distribución máis equitativa.

Toma a palabra o Concelleiro o Sr. Martínez Blanco quen di que é curioso o espírito desta Lei, que deu un cambio importante, o PP recentraliza todo, como en épocas anteriores, as deputacións que non recadan impostos son as que máis presuposto teñen, o goberno vende que se aforra coa reforma local, pero nos non estamos de acordo. Un exemplo claro móstrao a publicación das retribucións dos alcaldes, que permite que este concello as poida triplicar, así como as dedicacións exclusivas e nos cremos que prexudica ao cidadán, xa que é a administración máis próxima.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese a votación a moción presentada a que queda aprobada por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención, (o que supón a maioría absoluta xa que o número legal de membros da Corporación é 17, sendo necesarios sempre 9 votos a favor para obter a maioría absoluta con independencia do número de membros presentes, estaban presentes nesta sesión e no momento da votación deste punto da orde do día 16 concelleiros) , adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Iniciar a tramitación para a formalización do conflito en defensa da autonomía local contra os artigos primeiro e segundo e demais disposicións afectadas da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da administración local (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013) de acordo co texto que se achega, segundo o sinalado nos artigos 75 bis e seguintes da lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do tribunal constitucional.

Segundo: Para tal efecto, solicitar Ditame do Consello de Estado, conforme ao establecido no artigo 75 ter 3 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do tribunal constitucional, por conduto do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a petición da entidade local de maior poboación (art. 48 Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local) así como outorgar a esta entidade a delegación necesaria.

Terceiro: Facultar e encomendar ao Sr. Alcalde para a realización de todos os trámites necesarios para levar a cabo os acordos primeiro e segundo e expresamente para o outorgamento de escritura de poder tan amplo e bastante como en dereito se requira a favor da procuradora D^a. Virginia Aragón Segura, col. Núm. 1040 do Ilustre Colexio de Procuradores de Madrid para que, en nome e representación do Concello de Poio, de forma solidaria e indistinta, interpoña conflito en defensa da autonomía local contra a Lei 27/2013, do 27 decembro (BOE núm. 312 do 30 de decembro de 2013), de racionalización e sustentabilidade da administración local seguindo por todos os seus trámites e instancias até obter sentenza firme e a súa execución.

Cuarto: Demandar inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:

a) As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.

b) Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galiza, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.

3941.- URBANISMO, EXP. 361/11, MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM-BORDO MARÍTIMO DE RAXÓ.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente de urbanismo núm. 361/11 e dos informes técnicos:

Informe do Asesor xurídico: **ASUNTO: URBANISMO: EXPT. N° 361/11.-**

MODIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE POIO DO BORDE MARTÍMO DE RAXÓ, NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO Nº 13, EN EXECUCIÓN DE SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. (Doc. PARA A APROBACION PROVISIONAL) .

Visto o expediente de urbanismo nº 361/11, de Modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Poio do borde marítimo de Raxó, no Solo Urbano non Consolidado nº 13, en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (doc. para a aprobación provisional); e segundo o disposto no Plan de Ordenación municipal vixente e a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro e a Lei 2/2010, de 25 de marzo, e o Decreto 20/2011 de 10 de febreiro, polo que e aprobou definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral (POL); así como o disposto na Lei de Costas de 22 de xuño de 1988, e o seu regulamento, teño a ben emitir o seguinte informe:

1º.- Por acordo do Pleno de 30 de xullo de 2013, nº 3846, aprobouse inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral.

2º.- Por oficios da Alcaldía de 14 de agosto de 2013, deuse audiencia aos municipios limítrofes, Barro, Sanxenxo, Meaño, Meis e Pontevedra, para que alegaran o procedente, non formulando alegación ningunha contra esta modificación puntual.

3º.- O acordo de aprobación publicouse no Diario de Pontevedra mediante anuncio de data 20 de agosto de 2013, no Faro de Vigo o 21 de agosto de 2013, e no DOG o 25 de setembro de 2013.

Constando no expediente certificación emitida pola secretaria do Concello, de 18 de novembro de 2013, pola que se acredita que durante o prazo de 2 meses estiveron expostos ditos anuncios non se presentou reclamación ningunha.

4º.- Solicitado informe previo á aprobación definitiva ó Servizo de Costas do Estado, por oficio da Alcaldía de 18 de decembro de 2013 e 27 de xaneiro de 2014 e transcorrido o prazo de un mes sen recibirse o informe previo á aprobación definitiva, enténdese favorable.

5º.- Igualmente habéndose solicitado ó Servizo de Costas de Xunta o informe previo á aprobación definitiva por oficios da Alcaldía de 18 de decembro de 2013, contestado pola Xunta o 5 de febreiro de 2014 e solicitado por segunda vez o informe previo á aprobación definitiva por oficio de 14 de febreiro de 2014, contestado pola Xunta de Galicia o 25 de febreiro de 2014 e realizada a contestación á Xunta por oficio da Alcaldía de 4 de marzo de 2014.

Informo que pode o Pleno do Concello, previo informe da Arquitecto Municipal e da Secretaria do Concello e previo ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, proceder á aprobación provisional da modificación puntual, por maioría absoluta, e remitindo posteriormente o expediente tramitado, foliado e dilixenciado co proxecto aprobado provisionalmente á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e

Urbanismo para a súa aprobación definitiva.”

Informe da Secretaria Xeral do Concello de Poio: **“Asunto: modificación puntual fronte marítimo de Raxó. Situación: Raxó. Interesado: Concello de Poio. Expediente: 361/11**

Paula Ramos Díaz, funcionaria de Administración Local con habilitación de carácter estatal, secretaria do Concello de Poio, de conformidade co establecido no art. 3 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro e no art. 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA), emito o seguinte

INFORME

Antecedentes de feito máis destacados.

- Informes de secretaria de 8 de xuño de 2011, 6 de febreiro de 2012 e 29 de xullo de 2013.

- Certificación do acordo plenario núm. 3846 polo que se presta aprobación inicial a modificación puntual.

- Xustificación documental da publicación de anuncio no Diario Oficial de Galicia e dous dos diarios de maior difusión provincial da realización do trámite de información pública durante dous meses, así como da petición de informe durante o referido prazo aos concellos limítrofes de Sanxenxo, Barro, Meaño, Meis e Pontevedra.

- Certificación de secretaria comprensiva da ausencia de presentación de reclamacións ou alegacións durante o trámite de información pública.

- Con data 29 de xaneiro de 2014, número rexistro de saída 304 solicítase informe ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para os efectos do cumprimento do establecido no art. 117 da Lei de Costas. Non se ten achegado ata a data informe ningún aínda que se recibe correo electrónico polo que se anticipa polo servizo provincial de Pontevedra que tras o exame da documentación remitida será emitido informe favorable en breve.

- Igualmente solicítase informe da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestructuras, tendo sido remitido con data 4 de marzo de 2014, número rexistro de saída 671, documentación gráfica para dar cumprimento ao requerimento practicado con data 5 de febreiro de 2014.

Consideracións xurídicas: De conformidade cos antecedentes de feito descritos e respecto da fase de aprobación provisional xunto coas consideracións realizadas xa previamente en informes anteriores, dáse cumprimento aos trámites marcados polo art. 85 LOUGA se ben non consta no concello o informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.”

O expediente foi ditaminado favorablemente pola Comisión

Informativa de Urbanismo na súa sesión realizada o 25 de marzo de 2014.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros, supoñendo a maioría absoluta, aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación provisional á modificación puntual do borde marítimo de Raxó, no Solo Urbano non Consolidado nº 13, en execución de sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo:, Remitir o expediente tramitado, foliado e dilixenciado co proxecto aprobado provisionalmente á Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para a súa aprobación definitiva.

ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-Non se producen.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e doce minutos, o alcalde levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria xeral dou fe.